



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

**CEIP A LOMBA**

Apdo. Correos 349  
Rúa A Xunqueira, s/n  
36600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)  
Tfno: 886 15 18 05 Fax: 886 15 18 11  
[ceip.alomba@edu.xunta.gal](mailto:ceip.alomba@edu.xunta.gal)  
[www.edu.xunta.gal/centros/ceipalomba/](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipalomba/)

# **D.O.C.T.** PROXECTO COMEDOR ESCOLAR **I.C.E.**

**CEIP A LOMBA**  
**VILAGARCÍA DE AROUSA**  
**COD. CENTRO. 36012407**



## ÍNDICE

1. Normativa	3
2.Introdución	3
3.- Organización do servizo de comedor	3
3.1. Modalidade.	3
3.2. Calendario e horario de funcionamento.	4
3.3 Persoas con responsabilidades na organización do comedor escolar	5
3.4 Selección e admisión de usuarios	6
3.5 Incumprimentos	7
3.6 Usuarios do comedor	7
3.7 Pagamento	8
4. Garantías de calidade do servizo	8
5. Obxectivos proxecto	9
6. Actividades	9
7. Normas de funcionamento do comedor	10
7.1. Funcións e responsabilidades do persoal colaborador do comedor	10
7.2 Normas a seguir polo alumnado que asiste ao comedor	11
7.3 Normas específicas do comedor	13
8. Medidas de seguridade	14
8.1. Reunión do equipo directivo e do/a encargado/a de comedor co persoal colaborador	14
9. Datos do curso actual	15
10. Persoal e colaboradores	15
12. Proxectos a realizar. Curso 2023/2024	15



## 1. Normativa

O servizo de comedor regularase polo **DECRETO 132/2013, do 1 de agosto**, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación. (DOG, 13/08/13).

Define o funcionamento máis detalladamente a **INSTRUCCIÓN 2/2023**, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2023-2024.

## 2. Introducción

O servizo de comedor escolar, servizo complementario non obligatorio de centro, ademais de cumprir unha función primaria de alimentación e nutrición, ao estar dentro das actividades, tamén ten unha función engadida de carácter educativo.

Empezando por hábitos alimentarios e nutricionais, hábitos de utilización de utensilios propios da comida, normas de organización, funcionamento e convivencia no tempo do comedor escolar ademais dun abano de aspectos nos cales é importante planificar actuacións, estratexias e actividades de índole educativa.

## 3.- Organización do servizo de comedor

A Organización, administración e xestión económica do comedor escolar corresponde á comunidade educativa do centro, representada polo Consello Escolar.

### 3.1. Modalidade.

O servizo de comedor do CEIP A Lomba é o que corresponde á modalidade de xestión directa polo propio centro, por medio de persoal funcionario, docente ou non, e por persoal laboral, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Segundo o número de comensais, o comedor do centro está clasificado como de Tipo C: de 151 a 250 comensales. Cun total de 202 alumnos e alumnas.



O comedor do CEIP A Lomba contará cun cadro de persoal laboral, integrado por un número de profesionais composto como se detalla: 1 oficial de cociña e 2 axudantes de cociña.

O persoal de atención ao alumnado no servizo de comedor virá determinado en función do total dos alumnos e alumnas comensais, de acordo coa ratio establecida na Orde do 21 de febreiro de 2007. No caso do noso centro, temos 13 persoas colaboradoras, dos cales un exerce a labor de encargada de comedor, dúas coidadoras e unha persoa responsable do Equipo Directivo.

### 3.2. Calendario e horario de funcionamento.

A duración do servizo de comedor escolar axustarase ao disposto na orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que establece o calendario escolar para o curso correspondente, así o servizo de comedor comenza o primeiro día lectivo de clase no mes de setembro e remata o último día lectivo de curso, que veñen definidos no calendario escolar de cada curso. No curso 2023-24 as datas son as seguintes:

- Inicio do servizo de comedor: 11-09-2023
- Fin do servizo de comedor: 21-06-2024

O horario do servizo de comedor é de 14:15h a 15:15h

O horario de transporte escolar é ás: 15:30h

### **ENTRADA**

A entrada realizarase escalonadamente, en primer lugar accede o alumnado de Educación Infantil, acompañados polas titoras ou mestra de apoio. En segundo lugar, o alumnado do 1º andar, os cursos de 1º, 2º e 3º de Educación Primaria, a continuación baixará o alumnado do segundo andar 4º,5º,6º de Educación Primaria, que fará uso do recorrido correcto e irá directamente ao comedor cando sexa o seu turno. E por último accede o alumnado usuario de transporte escolar dende o edificio Anexo acompañados por unha mestra colaboradora.

Os/as titoras se encargarán de que o alumnado faga unha correcta hixiene de mans antes de acceder ao comedor.

Haberá ventilación constante sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan.



Durante o servizo de comedor o alumnado de Infantil e de primaria que faga uso dos baños será supervisado polo persoal colaborador, coa vixianza de que se manteña o aforo dos baños (3 alumnos/as) por servizo.

### **SAÍDA**

A saída tamén será escalonada.

- O alumnado de infantil usuario de comedor fará a saída ás 15:10h
- O alumnado de primaria usuarios de comedor farán a saída ás 15:15h
- A hora límite de recollida do alumnado usuario do comedor é as 15:15h

Unha vez que o o alumno/a quede custodiado e na compañía da súa familia **NON PODERÁ** permanecer nas instalacións do centro escolar.

Ao finalizar a comida e coa mesma orde que na entrada, as colaboradoras acompañan ao alumnado a súa aula de referencia e casilleiros para recoller as súas pertenzas e estarán acompañados e acompañadas ata o momento da recollida as familias ou da saída do autobús.

- A hora de saída do alumnado que utilice o servizo de transporte escolar é as 15:30h

### **Quendas vixianza saídas**

#### **Persoal colaborador**

Porta Educación Infantil : 3 persoas colaboradoas  
Porta Educación Primaria : 2 persoas colaboradoras  
Cancela Autobús: 3 persoas colaboradoras  
Comedor e corredor: 2 persoas colaboradoras

### **3.3. Persoas con responsabilidades na organización do comedor escolar**

- O director do centro que cumpre coas funcións de responsable de comedor.
- O persoal laboral de cociña esta integrado por 1 oficial de 2 auxiliares de cociña.

As súas funcións veñen determinadas na normativa de desenvolvemento do DECRETO 132/2013, do 1 de agosto cun horario presencial.

- Encargado de comedor. A persoa encargada do comedor terá as funcións que determine a lexislación vixente.
- O centro dispón 2 persoas coidadoras. A súa función básica é a atención dos alumnos/as con NEAE, segundo as necesidades existentes no Centro en cada momento .As súas funcións veñen definidas por lei (Resolución do 18/12/86, BOE do



16/01/87, da Dirección Xeral de Traballo pola que se dispón a publicación do Convenio Colectivo para o persoal laboral de Educación Especial dependentes do MEC)

- Existen 10 persoas colaboradoras de comedor segundo corresponde pola ratio fixada por lei. As súas funcións están recollidas nas Normas de Organización, Funcionamento en Convivencia do Centro e o seu horario presencial vai dende as 13.45h ata 15.30h de luns a venres.

### 3.4 Selección e admisión de usuarios

Seguindo a **INSTRUCCIÓN 2/2023**, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2023-2024. Durante os meses de xuño e xullo os centros reunirán e ordenarán as solicitudes de comedor correspondentes ao alumnado escolarizado no curso 2023-2024, de xeito que, de existiren máis solicitudes que prazas autorizadas no comedor escolar, o Consello Escolar, revisará e baremará a totalidade das ditas solicitudes de acordo coa seguinte orde de preferencia:

1. Alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido.
2. Alumnado usuario lexítimo do servizo do transporte escolar.
3. Ter un irmán matriculado no centro usuario do comedor no momento de formalizar a solicitude.
4. Alumnado pertencente a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, certificadas polos servizos sociais ou municipais correspondentes.
5. Alumnado membro de familias numerosas, acreditado co correspondente título ou carné expedido para o efecto.
6. Alumnado fillo de pais e nais, titores legais ou acolletores familiares, traballadores ambos os dous con incompatibilidade dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía, acreditada documentalmente.
7. Outro alumnado do centro. Neste suposto inclúense voluntariamente fóra da área de influencia que lles corresponde.



8. Persoal docente e non docente que preste servizos no centro e non colabore nos labores de atención e apoio ao alumnado.

A continuación, publicaranse as listas de admitidos e de reserva, abrindo un prazo de 5 días para PRESENTACIÓN DE ALEGACIÓNS.

Unha vez resoltas, publicarase a lista definitiva.

### 3.5 Incumprimentos

Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que durante o prazo de 9 días ao nmes non fagan uso do citado servizo coa frecuencia solicitada, causarán automaticamente baixa no servizo, agás causas debidamente xustificadas ante a dirección do respectivo centro educativo.

Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que en tres ocasións non comuniquen a súa ausencia antes das 9.45 horas( ás titorías, posterior comunicación a secretaría do centro ou ben vía telefónica do día que deba ter efecto, poderán ser suspendidos pola dirección do centro ao dereito ao uso do servizo de comedor durante 10 días.

### 3.6 Usuarios do comedor

#### Usuarios Gratuítos

- Os alumnos pertencentes a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais correspondentes.
- Os alumnos que se atopen en situación de acollemento residencial ou familiar.
- Os alumnos cun grado de discapacidade declarado igual ou superior ao 33%.
- Os alumnos pertencentes a unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero acreditada documentalmente.
- Os alumnos pertencentes a unidades familiares cunha renda familiar anual neta per cápita inferior a 7.000 €.
- O persoal de cociña.



- Os coidadores, educadores e auxiliares de enfermería que, durante o xantar e os períodos de tempo anterior e posterior a este, atendan aos alumnos de educación especial no comedor escolar.
- O persoal funcionario e laboral destinado nos centros de ensino con responsabilidades na organización dos comedores escolares ou no coidado dos alumnos comensais.
- As familias que colaboren na atención dos alumnos comensais exclusivamente durante os días concretos en que se desenvolva a súa colaboración efectiva.

### 3.7 Pagamento

- Satisfarase entre o 1 e o 20 do mes seguinte ao da prestación do servizo.
- O importe que os usuarios deberán aboar resultará de multiplicar os prezos correspondentes polo número efectivo de días de uso do comedor cada mes. Os usuarios deberán comunicarlles obrigatoriamente aos centros de ensino os días que non vaian facer uso do comedor antes das 9.45 horas de cada día se queren que eses días nos sexan tidos en consideración nos pagamentos.
- En xeral, o pagamento dos prezos públicos poderase efectuar nas entidades de depósito autorizadas para actuar na xestión recadatoria de taxas e prezos pola consellería competente en materia de facenda, mediante os correspondentes impresos de pagamento.

### 4. Garantías de calidade do servizo

A elaboración dos menús farase de xeito que proporcione ao alumnado unha dieta equilibrada adaptada ás necesidades nutricionais de cada grupo de idade, contribuíndo ao seu mellor desenvolvemento físico, e favorecendo, á vez, a adquisición de hábitos alimentarios saudables.

O menú será único para todos os usuarios do comedor escolar, agás nos casos de alumnos/as que padezan calquera tipo de intolerancia ou alerxia alimentaria, xustificada mediante certificado médico.

O comedor do CEIP A Lomba cumpre coa normativa e medidas en materia de hixiene e na elaboración, distribución das comidas. Así mesmo, se somete aos sistemas de control externo e programas de autocontrol que establezan os procesos de homologación correspondentes.





O plan de autoprotección do centro recolle o protocolo de actuación a seguir en caso de calquera tipo de emerxencia no centro.

## 5. Obxectivos proxecto

O incremento da obesidade infantil e xuvenil xunto co grande número de enfermidades cardiovasculares nos adultos deu como resultado o artellamento por parte da Comunidade Europea dun plan para promocionar os hábitos nutricionais saudables nos centros escolares desde Educación Infantil ata Secundaria Obrigatoria. Para acadar este fin fixaremos os seguintes obxectivos:

### 5.1 Relacionados coa saúde:

- a) Coñecer os alimentos básicos.
- b) Adoptar hábitos de hixiene e postura no acto de alimentarse.
- d) Utilizar correctamente os cubertos e os utensilios necesarios para a comida.

### 5.2 Relacionados coa convivencia, solidariedade e colaboración:

- a) Coñecer as normas de convivencia dentro e fóra do comedor.
- b) Respetar as normas fixadas na Normativa de Organización e Funcionamento e Convivencia do Centro.
- c) Colaborar co persoal de comedor, respectando aos mesmos e seguindo as súas indicacións.

### 5.3 Relacionados coas actividades complementarias e extraescolares:

- a) Coñecer as actividades relacionadas co comedor.
- b) Traballar desde as titorías os beneficios da alimentación saudable.
- c) Colaborar nas actividades e seguir as instrucións das persoas responsables das mesmas.

## 6. Actividades

### 6.1 Relacionadas coa saúde:

- a) Lavarse as mans antes e despois de comer.
- c) Usar os cubertos e servilletas axeitadamente.
- d) Mastigar os alimentos correctamente.
- e) Utilizar correctamente os cubertos e os utensilios necesarios para a comida.

### 6.2 Relacionadas coa convivencia, solidariedade e colaboración:

- a) Os alumnos/as serán informados ao inicio de curso das normas de convivencia dentro e fóra do comedor.



b) Os alumnos/as de 5º e 6º de Educación Primaria colaborarán nas tarefas de recollida e limpeza do comedor escolar, así como no servizo de comida. Servir a comida na súa mesa e recollida da mesma.

c) Os agrupamentos nas mesas do comedor escolar do alumnado na etapa de Educación Primaria serán mixtos, xuntando alumnado de distinto nivel educativo na mesma mesa durante dito servizo.

d) Para o servizo da comida en mesa e limpeza da mesma, asignarase un un alumno/ a dos niveis de 6º,5ºe 4º de Educación Primaria responsable das mencionadas tarefas na respectiva mesa.

### 6.3 Relacionados coas actividades complementarias e extraescolares:

a) O alumnado participará nas diferentes actividades.

b) As/os titoras/res nas sesións de tutoría informarán aos alumnos/as dos beneficios da alimentación saudable.

c) Desenvolveranse as actividades dos “Venres Gastronómicos” e colaborarase coas actividades de Come local e Slow Food.

## 7. Normas de funcionamento do comedor

Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que durante o prazo de 9 días ao mes non fagan uso do citado servizo causarán automaticamente baixa no servizo, agás causas debidamente xustificadas polos usuarios/as ante a dirección do respectivo centro educativo.

Os usuarios/as que decidan non acudir ao servizo de comedor todos os días da semana, deberán presentar no centro, un escrito no que conste os días que se Vai facer uso do comedor escolar, acompañados da autorización dos/as titores legais do alumno/a.

Os días que figuren no escrito, non poderán ser modificados durante o curso escolar 2023/2024.

### 7.1. Funcións e responsabilidades do persoal colaborador do comedor:

1.É fundamental sempre, ser moi exhaustivos coas medidas de hixiene.

2. Serán firmes nas conductas inapropiadas.

3.No caso de falta grave ou reiterada deberan comunicalo ao encargado/a ou a algún membro do equipo directivo informando á familia da conduta.



4. Débense correxir os malos hábitos na mesa: falar coa boca chea, berrar, tirar pan ou outros alimentos, xogar cos cubertos e calquera outro que se considere.

5. Coidarase que a saída sexa ordenada.

6. Vixiar que o alumnado usuario de comedor sexa recollido pola pai/nai/titor legal ou persoa autorizada una vez rematado o servizo de comedor. As persoas colaboradoras serán as encargadas da súa vixilancia ata entrega as familias.

7. Comprobarase que os comensais inxiren as porcións correspondentes de cada prato e animarase ao alumnado a probar os novos alimentos.

8. Non se poderá repetir lácteo, sí froita. Salvo que dende cociña informen do contrario.

9. O persoal colaborador poderá tomar as medidas pertinentes cos comensais da súa mesa.

Ante calquera dúbida consultarán coa encargada de comedor escolar e lle farán chegar todas as suxestións que estimen oportunas para o bo funcionamento do comedor.

#### 7.2 Normas a seguir polo alumnado que asiste ao comedor

##### a) Dereitos e deberes:

Son aqueles que recollen as normas de organización e funcionamento do centro no apartado, **Dereitos e deberes do alumnado** e que están regulados polo Real Decreto 732/1995, do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros (B.O.E. No 131, 02/06/1995) e a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (D.O.G. No 136, 15/07/2011. Do mesmo xeito todas as indicacións recollidas nas Normas de Organización, funcionamento e convivencia do Centro aprobadas polo Claustro do Profesorado e o Consello Escolar.

##### b) Dereitos e deberes específicos do alumnado que asiste ao comedor:

###### Dereitos:

- Á orientación educativa na alimentación.



- A recibir menús equilibrados.

Deberes:

- Respetar e obedecer aos responsables do comedor, persoal de cociña e coidadoras.
- Respetar e colaborar cos seus compañeiros.
- Cooperar segundo o previsto (poñer e recoller mesas, limpeza etc.) para o bo funcionamento do comedor.
- Colaborar na convivencia a través dunha conduta correcta mediante a aportación de suxestións e iniciativas.
- Respetar e coidar os vasos, pratos, cubertos... que se utilizan no comedor.

**As Normas de organización Funcionamento e Convivencia** do servizo de comedor escolar serán as mesmas que se recogen nas NOFC do centro.

Polo que, calquera conducta contraria a convivencia escolar antes, durante e despois do servizo de comedor escolar, seguirán o mesmo procedemento que durante o horario lectivo.

O servizo de comedor escolar e as persoas que colaboran nel, é un espazo de convivencia que se rixe polas NOFC e no presente proxecto de comedor escolar.

c) Normas internas do comedor

- Cada alumno/a terá mesa e lugar fixo para todo o curso, aínda que se poderán facer cambios sempre que as persoas colaboradoras os consideren necesarios.
- Ningún alumno/a se levantará da cadeira sen permiso, cando necesiten algo, levantarán a man e esperarán a que o persoal coidador lles atenda.
- Os cubertos serven para comer non para facer ruído ou xogar con eles.
- Manterase un clima tranquilo, falando pero non berrando.



- O alumnado só poderá acceder ás estancias sinaladas polo persoal colaborador e sempre acompañadas por estas. En ningún caso irán ás clases u outras dependencias do centro, nin permanecerán nos corredores.
- O alumnado do comedor permanecerá dentro do recinto escolar baixo a responsabilidade do persoal colaborador. No caso de que algún alumno/a necesite saír do centro, os pais/nais ou titores legais virán persoalmente a recollelo e asinarán o permiso de saída correspondente.
- O alumnado que presente calquera tipo de alerxia alimenticia, debe comunicalo tanto á hora de formalizar a matrícula (adxuntando informe médico) como á persoa encargada do comedor, para que se teña en conta no momento de confeccionar os seus menús.
- O alumnado usuario do comedor escolar participará no funcionamento do mesmo colocando a vaixela nas mesas e encargándose de servir.
- Para o servizo da comida en mesa e limpeza da mesma, asignarase un un alumno/a dos niveis de 6º,5ºe 4º de Educación Primaria responsable das mencionadas tarefas nas súas respectivas mesas.
- O alumnado permanecerá no seu sitio en silencio ata que as persoas colaboradores indiquen que poden ir saíndo do comedor escolar.

### 7.3 Normas específicas do comedor

- O comedor, cociña, servizos, corredores, non son lugares para xogar e só se utilizarán o tempo preciso e necesario (rexen as normas recollidas no NOFC).
- As instalación e o material son para uso común de todos os comensais, por iso todos teñen que axudar para a súa conservación.
- Os desperfectos causados no material ou na vaixela que se produzan de maneira intencionada ou por non ter coidado, teranos que pagar os comensais.
- A hora de saída do comedor escolar, para o alumnado NON USUARIO do servizo de transporte escolar, é as 15:15h, despois desta hora, ningún alumno/a nin familia poderá permanecer nas instalacións do centro.
- Como norma xeral non se facilitará nin administrará medicamento ao alumnado. Se a familia pode adaptarse ao horario do comedor, poderá acceder ao centro para a súa administración.



## 8. Medidas de seguridade

O alumnado e o persoal colaborador non teñen permitida a súa entrada no espazo da cociña, seguindo as normas marcadas pola lexislación.

- O comedor pasa revisións oficiais por parte de inspectores de sanidade, sempre e cando somos requeridos para tal fin.
- Cando se leva a cabo o simulacro de evacuación ou no caso de que se tivera que realizar un real, tanto o alumnado como o persoal de cociña e o persoal colaborador, seguirán as normas do plan de autoprotección do centro.
- En calquera outro suposto na que a súa integridade física estes en perigo o responsable seguirá o seguinte procedemento:

1. Avisará ao 112 e seguir as indicacións do personal sanitario.
2. Avisará a un membro do equipo directivo que se porá en contacto coa familia do alumno/a accidentado.

### 8.1. Reunión do equipo directivo coa encargada de comedor co persoal colaborador

A reunión terá lugar a primeira semana de setembro , antes do inicio do servizo do comedor, e en caso de necesidade sempre que algunha das partes o solicite.

## 9. Datos do curso actual

O comedor deste centro é de tipo C,(entre 151 e 250 comensais),e neste curso temos autorizados como máximo 202 de comensais.

Existe unha encargada de comedor que pertence ao colectivo do profesorado.

Son usuarios do servizo os alumnos/as do centro, cociñeiras e familias colaboradoras (gratuíto) e persoal docente e non docente que presta colaboración. O servizo de comedor funciona desde o primeiro ao último día lectivo.

## 10. Persoal e colaboradores

Oficial de cociña	1
Axudante de cociña	2
Encargada de comedor escolar	1
Personal colaborador	10
Coidadoras	2



11. Proxectos a realizar. Curso 2023/2024

No curso actual segue en marcha o proxecto “Venres Gastronómicos”.

O Equipo Directivo certifica que este PROXECTO DO COMEDOR do CEIP A Lomba foi presentado ao Claustro de Profesorado e aprobado polo Consello Escolar na súa reunión en Vilagarcía, a 7 de setembro de 2023.